Hibiscus syriacus L., 1753

- hibisco
- hibisco, rosa de Siria, altea
- siriako arrosa, siriako hibiskoa
- hibisc de Síria, rosa de Síria
- hibiscus
- hibisco da Síria, mimo, rosa de sarom, cardeal roxo, rosa de Sharon



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Malvales**	**Malvaceae**	***Hibiscus***

ORIXE

A China e Taiwán.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto caducifolio de 2-4 m de altura. Follas verdes, alternas, lobuladas (3 lóbulos) con bordos dentados. Flores grandes (ata 10 cm), solitarias, en forma de trompeta, cunha mancha escura na base dos pétalos, de cor branca, rosa, vermella, violeta ou azul. É moi atractiva para abellas e bolboretas.

HÁBITAT

Solo rico en nutrientes, aínda que pode adaptarse a solos calcarios. É esencial que o terreo de plantación teña unha boa drenaxe.

DISTRIBUCIÓN

A China, India, Corea, Europa e América do Norte.

CURIOSIDADES

É a flor nacional de Corea do Sur, onde se lle chama mugunghwa, que significa “flor eterna que xamais se murcha”. Simboliza a perseveranza e a beleza na cultura coreana.